

Presentación do libro *Isabel Zendal Gómez nos arquivos de Galicia*

Casa da Cultura de Ordes, 9-3-2018 // 12,00h.

- Alcalde de Ordes,
- Concelleiras e concelleiros,
- Presidenta da Asociación Isabel Zendal,
- Autor do libro,
- Alumnado e profesorado do IES Maruxa Mallo,
- Señoras e señores:

Bo día e moitas grazas a todas as persoas que hoxe nos acompañan neste acto, algunhas das cales se desprazaron expresamente a Ordes desde localidades distantes, renunciando a outros compromisos persoais ou profesionais, para honrar, coa súa presenza, unha muller esencial na historia da saúde pública universal.

Agradecemento e recoñecemento especial a Antonio López Mariño, xornalista e investigador, autor deste libro, e principal artífice de que o ADN identitario de Isabel Zendal Gómez saíse á luz, rematando con infinidade de confusións que rodeaban a figura desta heroína galega merecente de figurar nos libros de historia.

Recoñecemento tamén, por suposto, a Pilar Farjas Abadía, unha muller polifacética e traballadora incansable que todos coñecen polos diferentes cargos de responsabilidade que desempeñou, en Galicia e en Madrid, no ámbito da xestión sanitaria. Pero resulta que Pilar Farjas é tamén presidenta e principal impulsora da Asociación Isabel Zendal, que naceu co obxectivo de divulgar e preservar esta figura esencial na historia da saúde pública española e universal.

E, obviamente, parabéns máis que merecidos ao alcalde de Ordes, e canda el á Corporación municipal, polo esforzo que está a desenvolver para sacar do esquecemento a Isabel Zendal, natural da parroquia ordense de Santa Mariña de Parada. É certo que dun tempo a esta parte se fala máis, e publicáronse diferentes libros sobre a figura da homenaxeada, pero era preciso tamén un apoio institucional decidido como o que se está a impulsar desde este concello.

Como presidente do Parlamento son un firme defensor de abrir o Parlamento á sociedade; que a xente vaia ao Parlamento e vexa en primeira persoa o que alí facemos; pero tamén que o Parlamento saia á rúa a través de actividades de diferente índole, como a que hoxe nos convoca en Ordes.

Quero aproveitar a asistencia a este acto de persoal docente e alumnado dos IES Maruxa Mallo para convidarvos a visitar, cando queirades, o Parlamento de Galicia. Poñemos á vosa disposición un programa dirixido a alumnado de 5º e 6º de Primaria e de 1º e 2º de ESO que ofrece desprazamentos de balde para coñecer as sedes do poder Executivo e Lexislativo -o Parlamento e a Xunta-, e participar nunha clase, en vivo e en directo, sobre as institucións que articulan o autogoberno de Galicia.

Folga dicir, obviamente que todos os demais están convidados tamén a visitar o Parlamento cando o consideres. As nosas portas están sempre abertas.

Volvendo á presentación do libro, a data elixida non é casual, dado que se celebra xusto despois do Día Internacional da Muller Traballadora, celebrado onte, 8 de marzo. Fixémolo así para, a través da figura de Isabel Zendal, unha muller traballadora, muller galega e muller universal, render homenaxe, recoñecer e agradecer o traballo

—remunerado e sen remunerar— de todas as mulleres durante todos os tempos.

As mulleres foron, son e serán o motor que move o mundo, e todo o que se faga para superar as desigualdades que aínda persisten será sempre insuficiente. Pero o que fagamos, debemos facelo desde a unidade, fuxindo da confrontación, que ás veces se busca deliberadamente, e debemos facelo tamén en todos os ámbitos, o público e o privado, porque a desigualdade combátese desde o fogar, desde a escola, desde as empresas, desde as institucións ou desde calquera recuncho no que esta eiva persista.

Ser o último en falar en calquera acto é sempre un privilexio, unha honra, pero implica tamén o risco de quedar sen argumentos, como sucede neste caso, dado o rigor e a profusión de datos cos que nos ilustraron as persoas que me precederon no uso da palabra. Podería dicir moitas cousas de Isabel Zendal, á que descubríñ hai xa bastantes anos a través da miña esposa, pero xa se dixeron aquí por parte doutros oradores.

Algúns dos presentes teranme escoitado noutras ocasións que os españois en xeral, e os galegos en particular, somos grandes descoñecedores da nosa historia, especialmente dos feitos e acontecementos positivos, que afortunadamente foron moitos ao longo dos séculos, moitos máis dos que imaxinamos.

Foi a condesa de Pardo Bazán, nunha conferencia pronunciada en París en 1899, a que popularizou o uso da expresión «lenda negra» para chamar a atención sobre a manipulación interesada, sempre para mal, da historia de España.

Tivo que pasar máis de un século para, como sucede nos nosos días, comezar a descoller as cortinas que impedían coñecer boa parte do mellor do noso pasado.

Como médico de formación quero compartir con vostedes algúns datos, de carácter sociosanitario, extraídos dunha obra de moi recomendable lectura, titulada *Imperiofobia y leyenda negra*.

Recompila a autora (María Elvira Roca) datos sorprendentes como os seguintes:

- A capital de Perú, Lima, nos tempos da colonia, chegou a dispoñer de máis hospitais ca igrexas.
- As reformas hospitalarias acometidas en España arredor do ano 1500 e a creación de novos hospitais reais, como o de Santiago de Compostela, o da Santa Cruz de Toledo e moitos outros, «responden a un modelo de organización e atención sanitaria moi mellorado con respecto ao estándar europeo do momento».
- As indicacións dos Reis Católicos eran contundentes respecto á non discriminación nos hospitais de América. Exhortaban a *«que se acojan y curen así de los cristianos como de los indios»*.
- No ano 1551 dotouse de Cátedra de Medicina a Universidade de México, en 1635 abriuse a de Lima e en 1636 a de Bogotá. Mentres, a primeira Cátedra de Medicina nos territorios ingleses de América do Norte é de 1765; é dicir, máis de dous séculos despois que en México.

Estes e outros feitos deben facernos sentir orgullosos da nosa historia e animarnos a coñecela, a historia de España e a historia de Galicia, as dúas paralelas e indisolubles.

Os antecedentes que acabo de referir certifican que malia o novidoso da iniciativa, a Real Expedición Filantrópica da Vacina non foi un feito inusual ou illado na nosa historia. Dirixida por Francisco Javier Balmis, esta expedición partiu da Coruña en 1803 para inmunizar contra a variola —unha doenza infecciosa que provocaba unha elevada mortalidade en Europa e resultaba letal para a poboación aborixe— na América, nas Filipinas e mesmo chegou a parte da China.

Unha expedición na que Isabel Zendal, a protagonista do libro que presentamos, xogou un papel determinante, na súa condición de enfermeira que coidou dos nenos que portaban o inóculo. Sen Isabel Zendal, aquela xesta non tería sido posible, como recoñeceu o propio Balmis.

Por iso, con razón, a OMS considera a Isabel Zendal a primeira enfermeira da historia en misión internacional. En México, onde acabou os seus días, goza dun notable recoñecemento, mentres que en España, ata hai ben pouco tempo, era unha completa descoñecida. E pouca mellor sorte correron Balmis e Salvany, os médicos da expedición.

Felizmente, a variola —insisto: unha infección gravísima— é hoxe unha enfermidade erradicada grazas á aplicación das vacinas, unha lección que todas e todos, o conxunto da sociedade, deberíamos ter presente cada día e da que deberían tomar nota os irresponsables —por dicilo suavemente— que se atreven a poñer en dúbida as vacinas.

Grazas, polo tanto, a Antonio López Mariño polas investigacións que certifican a orixe galega de Isabel Zendal; grazas á asociación do mesmo nome por propoñernos esta iniciativa editorial, que o Parlamento de Galicia asumiu encantado na medida en que contribúe a reivindicar unha heroína nosa, probablemente unha das mulleres que máis ten feito polo benestar da humanidade; e grazas

tamén, por suposto, ao Concello de Ordes por brindarnos a posibilidade de presentar este libro na terra natal de Isabel Zendal.

Una muller, galega, que permaneceu case dous séculos no anonimato, á que hoxe honramos na primeira institución de Galicia e que toda Galicia debería coñecer. Con ese obxectivo, xa lles avanzo que enviaremos exemplares deste libro a todas as bibliotecas públicas de Galicia, así como que a obra tamén se publicará en galego, castelán e inglés na web deste Parlamento para facilitar a súa consulta e difusión.

Con esta iniciativa pretendemos contribuír a saldar a débeda que mantemos con Isabel Zendal, porque coa súa entrega e o seu traballo ata a extenuación contribuíu a controlar, primeiro, e erradicar, en datas máis recentes, unha das maiores pandemias de cantas asolaron a humanidade.

E desde Ordes, a súa terra natal, así o queremos recordar e poñer en valor.

Moitas grazas.